




1-6-98



Examinado o expediente instruído a instancias de D. Agustín Alcalde Lorenzo, con domicilio a efectos de notificacións no Apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, sobre solicitude de información ó abeiro da Directiva 90/313/CEE, esta Consellería ten en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro.-

D. Agustín Alcalde Lorenzo, como Secretario da Sociedade Galega de Historia Natural, o 11 de xullo de 1996 solicitou, ó amparo da Directiva Europea 90/313 sobre liberdade de acceso a información en materia de medio ambiente, información sobre as seguintes cuestións:

1. Os criterios da Consellería de Industria para encargar á empresa privada APASA-GAMESA (coa súa sé social na rúa Portal de Gamarra nº 40, Vitoria) a realización do proxecto de Ordenamento Eólico da Comunidade Autónoma de Galicia, tamén denominado Plano Eólico Estratéxico de Galicia, que conleva implicacións económicas, ecolóxicas, sociais e empresariais moi importantes, en lugar de realizalo a Consellería cóas seus propios medios ou en colaboración coas Universidades e Centros de Investigación galegos.

2. As medidas adoptadas pola Consellería de Industria, si as houbera, para salvagardar ó interese público galego e para garantir que a empresa GAMESA non se convirta en xuíz e parte ó ser redactora do Plano Eólico Estratéxico da Xunta de Galicia e ter fortes intereses privados no desenrolo do sector eólico galego: GAMESA ten aprobado (DOG



nº 51, de 12-3-96) o maior Plano Eólico Estratéxico empresarial de Galicia para unha potencia instalable de 600 Mw (o 22% da aprobada ata agora).

3. Os criterios obxetivos de calidade seguidos pola Consellería de Industria para aceptar o Plano Eólico Estratéxico de Galicia elaborado por GAMESA pois, a todas luces, o seu enorme volumen (11 tomos) non se corresponde có parco, mediocre e defraudante contido. Como exemplo podemos poñer o tomo de conclusións; así, das súas 146 páxinas:

- * 13(8,9%) están en branco
- * 20(13,7%) son páxinas de títulos cun promedio de 2,3 verbas/páxina,
- * 94(64,4%) son páxinas de texto cun promedio de 87 verbas/páx. (O equivalente a 7-8 liñas de texto cuns marxenes e un tipo de letra normais), e 8 delas adícanse a repetir sensiblemente o listado de espazos naturais das Normas Complementarias e Subsidiarias do Planeamento Urbanístico realizadas pola Xunta de Galicia.
- * 19(13%) conteñen táboas de datos, pero 8 destas táboas conteñen información repetida ou redundante (por exemplo a superficie de tódalas áreas expresadas en m², Km² e hectáreas).

4. O custo económico do contrato con GAMESA para a realización do Plano Eólico Estratéxico da Xunta de Galicia.

Segundo.-

Ante a falta de contestación por parte desta Consellería, D. Agustín Alcalde Lorenzo presentou escrito de queixa ante O Valedor do Pobo, quen se dirixiu a esta Consellería con data 14 de xaneiro de 1997 en demanda de información sobre o problema que motivou a queixa.



Terceiro.-

Esta Consellería informou O Valedor do Pobo que ó non referirse a información solicitada a ningunha das cuestións definidas na Directiva 90/313/CEE que entende por información sobre medio ambiente, nin as definidas na Ley 38/1995, de 12 de decembro sobre dereito de acceso a información en materia de medio ambiente, estimou que non procedía a aplicación de ditas normas a este suposto e non se atendeu a petición cursada.

Cuarto.-

O 1 de decembro de 1997 O Valedor do pobo formulou a seguinte Recomendación:
“Na medida na que o dereito a información sobre o medio ambiente recoñecido na Ley 38/1995, do 12 de decembro que incorporou ó dereito interno a Directiva 90/313/CEE do Consello, do 7 de xuño, enmárcase nos principios de liberdade de acceso e transparencia informativa, e regúlase no texto legal citado en termos amplos e favorecedores do seu exercicio, considerase que esa Consellería de industria e Comercio tería que contestar a Sociedade Galega de Historia Natural mediante resolución expresa e motivada con especificación das causas xustificadoras da denegación da información solicitada, todo elo con independencia de que deberían facilitarselle aqueles datos solicitados que poideran comprenderse no termo medioambiental sempre que a súa divulgación non poña en perigo ou non perxudique ó medio ambiente.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

Esta Consellería é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, no Decreto 132/1982, do 4 de novembro e no Decreto 209/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Industria e Comercio, modificado



polos decretos 140/1991, de 2 de maio, 292/1995, de 3 de novembro e 187/1997, de 3 de xullo, en relación coa Ley 38/1995, de 12 de decembro, sobre dereito de acceso a información en materia de medio ambiente.

Segundo.-

A información solicitada por D. Agustín Alcalde Lorenzo non se refire a ningunha das cuestións definidas na directiva europea 90/313/CEE que entende por “información sobre medio ambiente”, calquer información dispoñible en forma escrita, visual, oral ou en forma de base de datos sobre o estado das augas, do aire, do solo, da fauna, da flora, as terras e os espazos naturais, e sobre as actividades (incluídas as que ocasionan molestias como o ruído) ou medidas que lles afectan ou poidan afectarlles, e sobre as actividades e medidas destinadas a protexelas, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente; nin as definidas na ley 38/1995, do 12 de decembro, sobre dereito de acceso a información en materia de medio ambiente, polo que non procede a aplicación destas normas a este suposto.

Esta consellería, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas

RESOLVE

1º) Non acceder a petición formulada mediante escrito do 11 de xullo de 1996, entrada nº 6351.

2º) Con independencia do indicado, expresarlle a plena disposición desta consellería para facilitar calquera información dispoñible nestas dependencias sobre medio ambiente comprendida no ámbito de aplicación das citadas Directiva 90/313/CEE e Ley 38/1995.



CONSELLERIA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Dirección Xeral de Industria

Edificio Advo. San Caetano, s/n. bloque nº 5-4ª planta - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, podera interpoñer, no seu caso, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte o de recepción da mesma.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 1998

O Conselleiro de Industria e Comercio

Asdo.: Antonio Couceiro Méndez

D. Agustín Alcalde Lorenzo

SANTIAGO DE COMPOSTELA